

JAVIER CERQUEIRO: “CONTAREMOS CON TODOS OS VECIÑOS PARA RECUPERAR A ILUSIÓN DE VIVIR NO CORGO”

O candidato á alcaldía deste municipio aposta por “abrir as institucións á cidadanía co fin de facer partícipes aos cidadáns na xestión do público, así como converter ao concello nunha institución realmente transparente”

Os socialistas impulsarán medidas de participación como o portal de transparencia; ofrecerán apoio e atención constante á cidadanía; levarán a cabo o primeiro Orzamento Participativo e elaborarán o PXOM en colaboración cos veciños

Denuncian que “as políticas instauradas dende hai anos están conducindo ao noso concello a un camiño sen retorno”. Os socialistas propoñen un novo programa para “pechar este ciclo de decadencia e abrir unha nova etapa de ilusión e prosperidade”, destaca Cerqueiro

O Corgo, 14 de maio de 2015.- A candidatura socialista do Corgo, con Javier Cerqueiro á cabeza, presenta un programa electoral renovado e aberto á cidadanía co que buscan “recuperar a ilusión de vivir no Corgo”. Neste novo proxecto para o concello, os socialistas propoñen como unha das liñas fundamentais que caracterizan o programa electoral a participación cidadá na xestión municipal.

Nesta liña, os socialistas destacan a importancia que teñen as novas vías de participación cidadá nas institucións públicas, que nos permiten estar máis preto da xente e nos axudan a mellorar a transparencia da entidade local”. Do mesmo xeito, Cerqueiro lembrou as posibilidades que teñen as novas tecnoloxías para favorecer o Goberno Aberto e a participación.

Orzamento Participativo 2016

O orzamento participativo supón un paso máis na mellora da calidade democrática para calquera Concello. “Con esta iniciativa pioneira da Deputación de Lugo, forxaremos unha relación de dobre dirección con todos os veciños e veciñas, que nos permitirá coñecer de primeira man as necesidades reais dos cidadáns e dámoslles voz á hora de definir as prioridades de inversión”, destaca.

Así, o orzamento participativo servirá por unha banda, como folla de ruta na que os cidadán establecen as súas prioridades e obxectivos; e por outra, servirá para achegar esta institución á cidadanía, informando, por exemplo, que proxectos se desenvolven dende o Concello ou a que se destinan os fondos.

Os socialistas buscan contar coa xente, pois consideran que “grazas á participación dos veciños e veciñas na elaboración deste documento, a xestión municipal responderá mellor ás súas necesidades. Ademais, a través destes presupostos elaborados en común canalizaranse mellor os recursos públicos a favor dos colectivos sociais máis desfavorecidos e os territorios menos atendidos, reducindo deste xeito as desigualdades sociais e territoriais. “En definitiva, coa axuda dos veciños na consolidación desta iniciativa, o concello será unha institución moito máis transparente e eficaz para habitantes do Corgo”, destacou o candidato socialista.



Plan Xeral de Ordenación Municipal Participativo

“Os socialistas buscamos un cambio no Plan Xeral do concello, para favorecer o desenvolvemento sostible e real deste municipio da zona sur. Ademais consideramos que é importante a súa modificación porque así o viñan reclamando os veciños. Estamos a falar do documento máis importante para un municipio, por iso, contaremos con todos os veciños e veciñas do Corgo para elaborar PXOM, e non como fixo o actual rexedor municipal, que aprobou este plan en solitario e sen comunicarllo aos corgueses e corguesas”, destaca Cerqueiro.

Portal de transparencia e apoio ao cidadán

Outras das propostas do equipo socialista do Corgo é a de pór en marcha un portal web de transparencia no que todos os veciños e veciñas poidan saber cales son os gastos da entidade local, así como coñecer os fondos públicos dos que dispón o municipio. Neste portal web recolleranse, ademais dos ingresos dos concelleiros e partidos políticos, as facturas, contratos e acordos que se leven a cabo dende o concello, respectando sempre a Lei de Protección de Datos. Por outra banda, os socialistas do Corgo comprométense a que algún membro da corporación municipal estea sempre presente no na casa consistorial para atender as dúbidas e necesidades dos cidadáns, prestando deste xeito unha atención real a cidadanía, e non como sucede actualmente.

